

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 23 DE MARZO DE 2023

Ás 10:10 horas do día 23 de marzo de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 20 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos
D^a. Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade (asiste ao punto 1)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Investimentos (asiste aos puntos 2a, 2b, 6a, 6b, 7b e 7c)
D^a. Pilar Alonso Cacheiro, suplente do xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 2c, 6c, 7d, 9a e 10a)
D. Jesús Núñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social (asiste aos puntos 2d, 4 e 11)
D^a. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste aos puntos 5a, 6d e 10c)
D. José Ángel Lago Filgueira, suplente do xefe do Servizo de Deportes (asiste ao punto 7a)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste ao punto 7e)
D^a. Pilar Carneiro Miniño, xefa do Servizo de Xuventude (asiste aos puntos 9b e 10b)
D. Marcos Viturro Gómez, suplente da xefa de RRHH e Formación (asiste ao punto 14)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión do "Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto lila" (11.873-224)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:22	Páxina 1 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A146-E7BAB7-5129EF-6CGUR6-BHAFM8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe emitido pola axente de Igualdade de Oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade de data 15 de marzo de 2023 sobre a documentación esixida no sobre C "Proposición avaliable a través de fórmula".

A Mesa acorda, por unanimidade, dar traslado do referido informe a FOROX INNOVACION S.L., ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L., GARBOANDGARDNER, SL, e APAIOGA - ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE AXENTES DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES GALEGA e concederlles un prazo de 3 días para que poidan emendar a documentación presentada no Sobre C.

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo. Lote leste" (1.590-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
 2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
 3. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
 4. HORBAN HORMIGONES, S.L.*
 5. MISTURAS, S.A.
 6. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
 7. NAROM, S.L.
 8. NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.*
 9. UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. - ANTONIO FILLOY, S.A. (porcentaxe de participación na UTE ao 80%-20%)
- b) Outorgar un prazo de tres días a FARIDO, S.L.* para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá presentar un novo Anexo III ao PCAP "DECLARACIÓN DE POSTA A DISPOSICIÓN DE MEDIOS POR UN TERCEIRO" asinado dixitalmente polo representante con poder de representación do terceiro, NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:22	Páxina 2 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A146-E7BAB7-5129EF-6CGUR6-BHAFM8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



* Declaran pertencer ao mesmo grupo de empresas

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Pavimentación da rúa Conde de Torrecedeira" (1.593-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
 2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
 3. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
 4. MISTURAS, S.A.
 5. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
 6. NAROM, S.L.
 7. UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.-ANTONIO FILLOY, S.A. (porcentaxe de participación na UTE ao 80%-20% respectivamente)

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Windows de estacións de traballo, actualización-mantemento de licenzas CITRIX e VEEAM BACKUP (10.056-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L
 2. OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, S.L.

d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:22	Páxina 3 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A146-E7BAB7-5129EF-6CGUR6-BHAFM8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. EULEN SEGURIDAD, S.A.
 2. SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315)

Procédesse á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "IX programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública" (11.039-307)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola arquitecta técnica de Patrimonio o 17 de marzo de 2023 de valoración do sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo. Lote leste" (1.590-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:22	Páxina 4 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A146-E7BAB7-5129EF-6CGUR6-BHAFM8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2A conceder un prazo a un dos licitadores para poder emendar a documentación acreditativa dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Pavimentación da rúa Conde de Torrecedeira" (1.593-441)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	468.607,57 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	444.829,05 €
3	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	433.089,35 €
4	MISTURAS, S.A.	465.303,00 €
5	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	471.201,66 €
6	NAROM, S.L.	530.011,45 €
7	UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. - ANTONIO FILLOY, S.A.	445.663,63 €

Asiste á apertura D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI **.13.54*, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Windows de estacións de traballo, actualización-mantemento de licenzas CITRIX e VEEAM BACKUP (10.056-113)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L	205.105,34 €
2	OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, S.L.	206.309,05 €

Asiste á apertura Elena Fernández Matías, con DNI **.25.49*, en representación de OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do "IX programa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:22	Páxina 5 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A146-E7BAB7-5129EF-6CGUR6-BHAFM8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (11.039-307)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	142.503,99 €

Asiste á apertura D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI ****.*13.54***, en representación da Federación Galega da Construción.

En aplicación do criterio recollido no apartado 7D do Anexo I -FEC- a Mesa comproba que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados polo que ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 procede outorgarlle a máxima puntuación (100 puntos – puntuación ponderada 60 puntos).

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (99 puntos – puntuación ponderada 39,60), correspóndelle a seguinte puntuación total:

Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	39,60	60	99,60

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, información, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (5.280-611)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo adxunto e o xefe do Servizo de Deportes do 20 de marzo de 2023, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade, así como o informe que corrixe o anterior do 21 de marzo. Á vista do segundo informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con OSGA, S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa Coruña" (1.458-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe da Área de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:22	Páxina 6 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A146-E7BAB7-5129EF-6CGUR6-BHAFM8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Investimentos o 17 de marzo de 2023, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa Marqués de Valladares" (1.459-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe da Área de Investimentos o 17 de marzo de 2023, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP coa UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL - ANTONIO FILLOY, S.A. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de soporte en materia de programación, asesoramento e desenvolvemento de proxectos e asistencia a usuarios (9.901-113)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica do 20 de marzo de 2023, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade, así como o informe que corrixe o anterior do 21 de marzo no que se constata que a oferta non contén valores anormais e se procede á súa valoración.

A Mesa acepta o segundo dos informes e acorda, por unanimidade, formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de soporte en materia de programación, asesoramento e desenvolvemento de proxectos e asistencia a usuarios (9.901-113) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L. (B-36.499.960), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:22	Páxina 7 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A146-E7BAB7-5129EF-6CGUR6-BHAFM8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

e) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar no ano 2023 nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do Plan municipal de emprego (29.247-332)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación do 17 de marzo de 2023 sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade, así como o informe que corrixe o anterior do 22 de marzo. Á vista do segundo informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con GARCIVENTA, S.L. por canto as súas ofertas para os lotes 1 e 2 están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificálas.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábles mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10.018-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Infórmase que o 17 de marzo de 2023 a concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 2 de febreiro de 2023), adoptou a seguinte resolución:

"Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 16 de marzo de 2023 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por FALCONIX SOLUCIONES, S.L.U. neste procedemento”.

A continuación, entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 13 de marzo de 2023 de valoración do sobre B "Proposición avaliáble mediante fórmula" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico (9.624-336)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Xuventude o 17 de marzo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:22	Páxina 8 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A146-E7BAB7-5129EF-6CGUR6-BHAFM8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



2023 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10.018-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10.018-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	FALCONIX SOLUCIONES, S.L.U.	100.00
2	OTEMAR 2020, S.L.L.	82.68
3	TEDITRONIC, S.L.	77.22
4	VASCO INFORMÁTICA, S.L.	45.84

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, FALCONIX SOLUCIONES, S.L.U. (B-27.832.831), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a documentación esixida nas cláusulas 8 e 22.1 do PCAP:

- A cláusula 8.1 do PCAP esixe que "Para participar neste procedemento os licitadores deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou, no seu caso, no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas. Dado que o licitador non figura inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público nin no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá acreditar ter presentado a solicitude de inscrición no Rexistro de Contratistas correspondente xunto coa documentación preceptiva para ela, sempre que a dita solicitude teña data anterior á data límite de presentación do ofertas (a acreditación desta circunstancia realizarase achegando o xustificante de recepción da solicitude expedido polo Rexistro correspondente, e unha declaración responsable de ter achegado a documentación preceptiva e de non ter recibido solicitude de rectificación).
- A documentación esixida no cláusula 8 do PCAP.
- Acreditación da constitución da garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:22	Páxina 9 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A146-E7BAB7-5129EF-6CGUR6-BHAFM8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico (9.624-336)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:

- Acordo da sesión do 8 de marzo de 2023 polo que non se admite neste procedemento a REGALA MÚSICA, S.L. por ter desvelado o segredo da súa oferta antes do momento da apertura ao incorporar a súa proposición económica no Sobre A, non axustándose aos requisitos de presentación recollidos na cláusula 14 do PCAP e podendo influír na ponderación do xuízo técnico na valoración do sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” (artigo 139 da LCSP e cláusula 15 do PCAP e resolución nº 574/2019 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales de 23 de maio de 2019, entre outras).
- Acordo da sesión do 16 de marzo de 2023 polo que se exclúe deste procedemento a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP (superior a 20 puntos).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico (9.624-336) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	JUAN PABLO RIVAS PIRES	78,62 puntos
2	ATLANTIC PONTE 2000, S.L.	72,00 puntos

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, JUAN PABLO RIVAS PIRES (**.*31.18*), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Aínda que o licitador xa achegou documentación no sobre A, cómpre indicar:

- Respecto da solvencia económica: a documentación achegada inclúe unha solvencia inferior á esixida no PCAP (70% do valor estimado do contrato:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:22	Páxina 10 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A146-E7BAB7-5129EF-6CGUR6-BHAFM8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

178.290,48 euros).

- Respecto da solvencia técnica: a cláusula 8 do PCAP esixe a acreditación dos servizos prestados a organismos públicos mediante un certificado expedido por estes cos datos esixidos na citada cláusula. Non se poden admitir, en consecuencia, notificacións de adxudicación de contratos nin declaracións responsables. Só se terán en conta os servizos prestados nun dos últimos tres últimos anos e aqueles que sexan similares aos do obxecto do contrato (incluídos nos 3 primeiros díxitos dos CPVs previstos no apartado 2 do Anexo I - FEC-). Examinada a documentación presentada, non resulta suficiente a solvencia técnica acreditada polo que deberá completala.
 - Non é preciso que presente novamente o DNI.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do “IX programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (11.039-307)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do “IX programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (11.039-307) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación total
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	99,60

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.3196.78), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de «Programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social (Concello de Vigo)» reservado a empresas de inserción (241.946-301)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:22	Páxina 11 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A146-E7BAB7-5129EF-6CGUR6-BHAFM8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de «Programa de cuidadores de barrio do Servizo de Benestar Social (Concello de Vigo)» reservado a empresas de inserción (241.946-301)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 29 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto reservado a Empresas de Inserción (Disp. Adic. 4ª), do «PROGRAMA DE COIDADORES DE BARRIO DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL (CONCELLO DE VIGO)», que inclúe a xustificación da necesidade do contrato, as Memorias xustificativa e económica (trámites núms. 43 e 34), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 15), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 16.11.2022 (trámite n.º 53), o documento económico emitido polo Servizo de Contabilidade (trámite n.º 10) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 117.2 da LCSP (L.9/2017) e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato (1.853.020,89€, IVE incl.), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.02 ("Programa de inserción laboral") dos orzamentos municipais, coa seguinte distribución por anualidades:

-2023: 334.573,22€.
-2024: 617.673,63€.
-2025: 617.673,63€.
-2026: 283.100,41€.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:22	Páxina 12 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A146-E7BAB7-5129EF-6CGUR6-BHAFM8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CUARTO.- *Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista”.*

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de marzo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de «Programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social (Concello de Vigo)» reservado a empresas de inserción (241.946-301) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U.	86 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U. (B-36.952.166), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U., o día 9 de marzo de 2023, que presenta a documentación requirida os días 15 e 20 de marzo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 23 de marzo de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal



e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 23 de febreiro de 2023 e o acordo da Mesa do 8 de marzo polo que se outorga ao licitación a máxima puntuación pola súa proposición avaliables mediante fórmula por ser o único admitido (cláusula 16.3 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U. (B-36.952.166) o procedemento aberto para a contratación do servizo de «Programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social (Concello de Vigo)» reservado a empresas de inserción (241.946-301) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 1.832.686,31 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 166.607,85 euros.
- b) Comprométese a incrementar 1 coidador/a de barrio respecto dos esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

14.- Dar conta da resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202)

Dáse conta da resolución nº 47/2023, do 16 de marzo, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se estima parcialmente o recurso interposto por QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L. contra adxudicación deste procedemento. A secretaria comunica aos membros da Mesa que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:22	Páxina 14 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A146-E7BAB7-5129EF-6CGUR6-BHAFM8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 23 de marzo de 2023.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:22	Páxina 15 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A146-E7BAB7-5129EF-6CGUR6-BHAFM8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		